

a empresa se, contratada unha muller, esta queda emba-razada. Consecuencia do anterior, o Plan Nacional de Acción para o Emprego do Reino de España para 1998 establece para fomenta-la igualdade entre homes e mulleres, entre as medidas para poñer en marcha de forma inmediata, asumi-los custos da Seguridade Social a cargo do empresario derivados das situacións de maternidade ou, se é o caso, paternidade, cando os traballadores se encontren en períodos de descanso por tal causa, por adopción ou por acollemento de menores.

Na súa virtude, sendo urxente a adopción das medidas anteriormente expostas e facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de setembro de 1998,

## DISPÓN O :

### Artigo 1.

Os contratos de interinidade que se realicen con persoas desempregadas para substituír a traballadores que teñan suspendido o seu contrato de traballo durante os períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento, nos termos establecidos no número 4 do artigo 48 do Estatuto dos traballadores, terán dereito a unha bonificación do 100 por 100 nas cotas empresariais da Seguridade Social, incluídas as de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, e nas achegas empresariais das cotas de recadación conxunta.

A duración máxima das bonificacións previstas no parágrafo anterior coincidirá coa dos períodos dos descansos a que se refire o citado número 4 do artigo 48 do Estatuto dos traballadores. Nos supostos en que o traballador non esgote o período de descanso a que tivese dereito, os beneficios extinguiranse no momento da súa reincorporación á empresa.

### Artigo 2.

Os beneficios que se establecen no artigo anterior non serán de aplicación nos seguintes casos:

a) Contratacións de interinidade que se subscriban co cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive do empresario, ou daqueles que sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade.

b) Contratos realizados polas administracións públicas e os seus organismos autónomos.

c) Contratos de posta a disposición.

### Artigo 3.

As contratacións realizadas ó abeiro do establecido nesta disposición rexeranse polo disposto no artigo 15.1.c) do Estatuto dos traballadores e polas súas normas de desenvolvemento.

### Disposición adicional única.

As bonificacións previstas na presente norma financiaranse con cargo ó orzamento do INEM, programa 322-A, concepto orzamentario 487.03, agás as rela-

tivas á achega ó Fondo de Garantía Salarial, que se financiarán con cargo ó orzamento do dito organismo, programa 315-B.

### Disposición transitoria única.

O disposto no presente real decreto-lei será de aplicación soamente ós contratos de interinidade realizados con persoas desempregadas para substituír a traballadores que inicien os períodos de descanso a partir da entrada en vigor deste real decreto-lei.

### Disposición derradeira única.

O presente real decreto-lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de setembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**22012** *REAL DECRETO-LEI 12/1998, do 18 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito por importe total de 133.161.032.673 pesetas, para atender obrigas derivadas de gastos de investimento do Ministerio de Fomento. («BOE» 225, do 19-9-1998.)*

O Ministerio de Fomento necesita créditos adicionais ós consignados no seu orzamento, para realizar actuacións e pagamentos que non se poden demorar a exercicios posteriores, correspondentes á Dirección Xeral de Estradas e á Secretaría de Estado de Infraestructuras e Transportes.

A Dirección Xeral de Estradas, como consecuencia de liquidacións de obra e obras de emerxencia do exercicio en curso, así como de actuacións derivadas de obras varias de interese xeral no eixe transversal de Cataluña e na autovía Mataró-Granollers, necesita unha dotación adicional de 57.755.700.000 pesetas.

O artigo 63 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, segundo a redacción dada pola Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria, dispón que con cargo ós créditos de cada orzamento só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servicios e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Por iso, se as obrigas derivadas das actuacións indicadas se van xerar no exercicio 1998, deben recibila oportuna cobertura crediticia de forma urxente e inaprazable.

Ademais no orzamento deste exercicio existen dotacións específicas para atender obrigas xeradas en exercicios anteriores a 1997, que cómpre complementar na contía de 44.849.550.315 pesetas.

Finalmente, cómpre darlles cobertura mediante os correspondentes créditos extraordinarios e suplementarios, por importe de 30.555.782.358 pesetas, a diversas obrigas xeradas no exercicio 1997 que non tiveron dotación ou que téndoa os créditos do orzamento vixente son insuficientes para proceder á súa imputación.

No caso destas obrigas xeradas en exercicios anteriores o seu pagamento non se pode demorar dado o

prexuízo que suporía para os acredores e que a propia dinámica orzamentaria esixe que non se demore a súa aplicación a orzamento.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e do ministro de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación en Consello de Ministros na súa reunión do 18 de setembro de 1998.

## DISPÓN O:

### Artigo 1. *Cobertura de obrigas derivadas de expropiacións.*

1. Para atender obrigas xeradas en 1997, derivadas de expropiacións que non tiveron crédito no exercicio, concédense créditos extraordinarios no vixente orzamento da sección 17 «Ministerio de Fomento» por importe de 14.154.800.000 pesetas, co detalle que se recolle no anexo I.

2. Para atender obrigas xeradas en exercicios anteriores a 1997, derivadas de expropiacións, concédense suplementos de crédito no vixente orzamento da sección 17 «Ministerio de Fomento» por importe de 25.037.750.315 pesetas co detalle que figura no anexo I.

### Artigo 2. *Cobertura de obrigas derivadas de incidencias contractuais.*

1. Para atender obrigas xeradas no exercicio 1997 derivadas de incidencias contractuais, que non tiveron crédito no dito exercicio, concédese un crédito extraordinario no vixente orzamento da sección 17 «Ministerio de Fomento», por importe de 13.017.500.000 pesetas co detalle que figura en anexo II.

2. Para atender obrigas xeradas no exercicio 1997, derivadas de incidencias contractuais, concédense suplementos de crédito no vixente orzamento da Sección 17 «Ministerio de Fomento», por importe total de 2.992.900.000 pesetas, co detalle que figura no anexo II.

3. Para atender obrigas xeradas en exercicios anteriores a 1997, derivadas de incidencias contractuais, concédense suplementos de crédito no vixente orzamento da sección 17 «Ministerio de Fomento», por importe de 19.811.800.000 pesetas, co detalle que figura no anexo II.

4. Para atender incidencias contractuais do exercicio 1998, concédense suplementos de crédito no vixente orzamento da sección 17 «Ministerio de Fomento», por

importe total de 15.760.700.000 pesetas, co detalle que figura no anexo II.

### Artigo 3. *Obrigas derivadas do proxecto ferroviario «liña Valencia-Tarragona».*

Concédese un crédito extraordinario no vixente orzamento da sección 17 «Ministerio de Fomento», servicio 20 «Secretaría de Estado de Infraestructuras e Transportes», programa 513.A «Infraestructura do Transporte Ferroviario»; capítulo 6 «Investimentos Reais»; artigo 60 «Investimento novo en infraestructura e bens destinados ó uso xeral», concepto 602 «Para atender as obrigas derivadas do modificado número 1 ó proxecto de liña Valencia-Tarragona, tramo Castellón-Las Palmas, proxecto de soterramento e duplicación de vía», por importe de 390.582.358 pesetas.

### Artigo 4. *Financiamento de obras viarias do eixe transversal de Cataluña.*

Para atender-lo financiamento das obras viarias de interese xeral do eixe transversal de Cataluña e da auto-vía Mataró-Granollers, concédese un suplemento de crédito no vixente orzamento da sección 17 «Ministerio de Fomento», servicio 38 «Dirección Xeral de Estradas»; programa 513.D «Creación de Infraestructura de Estradas»; capítulo 6 «Investimentos Reais»; artigo 60 «Investimento novo en infraestructura e bens destinados ó uso xeral»; concepto 601 «Outras», por importe de 41.995.000.000 de pesetas.

### Artigo 5. *Financiamento dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito.*

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se conceden nos artigos anteriores financiaranse con débeda pública, de conformidade co disposto no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto-lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de setembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno en funcións,  
FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

## ANEXO I

### Créditos extraordinarios

SERVICIO 38: DIRECCIÓN XERAL DE ESTRADAS

Aplicación	Denominación	Importe — En pesetas
Artigo 60. Concepto 607.	Programa 513.D «Creación de infraestructura de estradas» Investimento novo en infraestructura e bens destinados ó uso xeral: Obrigas de exercicios anteriores (Real decreto-lei 12/1998) .....	11.246.800.000

Aplicación	Denominación	Importe — En pesetas
Artigo 61. Concepto 617.	Investimento de reposición en infraestrutura e bens destinados ó uso xeral: Obrigas de exercicios anteriores (Real decreto-lei 12/1998) .....	2.011.100.000
	Programa 513.E «Conservación e explotación de estradas»	
Artigo 61. Concepto 617.	Investimento de reposición en infraestrutura e bens destinados ó uso xeral: Obrigas de exercicios anteriores (Real decreto-lei 12/1998) .....	896.900.000
	Total créditos extraordinarios (artigo 1.1) .....	14.154.800.000

### Suplementos de crédito

#### SERVICIO 38: DIRECCIÓN XERAL DE ESTRADAS

Aplicación	Denominación	Importe — En pesetas
	Programa 513.D «Creación de infraestrutura de estradas»	
Artigo 60. Concepto 609.	Investimento novo en infraestrutura e bens destinados ó uso xeral: Expropiacións, modificados, adicionais e outras incidencias de investimentos de exercicios anteriores a 1997 .....	19.722.042.783
Artigo 61. Concepto 619.	Investimento de reposición en infraestrutura e bens destinados ó uso xeral: Expropiacións, modificados, adicionais e outras incidencias de investimentos de exercicios anteriores a 1997 .....	3.127.630.390
	Programa 513.E «Conservación e explotación de estradas»	
Artigo 61. Concepto 619.	Investimento de reposición en infraestrutura e bens destinados ó uso xeral: Expropiacións, modificados, adicionais e outras incidencias de investimentos de exercicios anteriores a 1997 .....	2.188.077.142
	Total suplementos de crédito (artigo 1.2) .....	25.037.750.315
	Total anexo I (artigo 1) .....	39.192.550.315

### ANEXO II

#### Créditos extraordinarios

#### SERVICIO 38: DIRECCIÓN XERAL DE ESTRADAS

Aplicación	Denominación	Importe — En pesetas
	Programa 513.D «Creación de infraestrutura de estradas»	
Artigo 60. Concepto 606.	Investimento novo en infraestrutura e bens destinados ó uso xeral: Obrigas de exercicios anteriores (Real decreto-lei 12/1998) .....	13.017.500.000
	Total créditos extraordinarios (artigo 2.1) .....	13.017.500.000

## Suplementos de crédito

## SERVICIO 38: DIRECCIÓN XERAL DE ESTRADAS

Aplicación	Denominación	Importe — En pesetas
Artigo 61. Concepto 611.	Programa 513.D «Creación de infraestructura de estradas» Investimento de reposición en infraestructura e bens destinados ó uso xeral: Outras .....	1.471.200.000
Artigo 61. Concepto 611.	Programa 513.E «Conservación e explotación de estradas» Investimento de reposición en infraestructura e bens destinados ó uso xeral: Outras .....	1.521.700.000
Total suplementos de crédito (artigo 2.2) .....		2.992.900.000
Artigo 60. Concepto 609.	Programa 513.D «Creación de infraestructura de estradas» Investimento novo en infraestructura e bens destinados ó uso xeral: Expropiacións, modificados, adicionais e outras incidencias de investimentos de exercicios anteriores a 1997 .....	17.485.700.000
Artigo 61. Concepto 619.	Programa 513.E «Conservación e explotación de estradas» Investimento de reposición en infraestructura e bens destinados ó uso xeral: Expropiacións, modificados, adicionais e outras incidencias de investimentos de exercicios anteriores a 1997 .....	2.326.100.000
Total suplementos de crédito (artigo 2.3) .....		19.811.800.000
Artigo 60. Concepto 601.	Programa 513.D «Creación de infraestructura de estradas» Investimento novo en infraestructura e bens destinados ó uso xeral: Outras .....	13.547.300.000
Artigo 61. Concepto 611.	Programa 513.E «Conservación e explotación de estradas» Investimento de reposición en infraestructura e bens destinados ó uso xeral: Outras .....	2.213.400.000
Total suplementos de crédito (artigo 2.4) .....		15.760.700.000
Total anexo II (artigo 2) .....		51.582.900.000

**22013** REAL DECRETO-LEI 13/1998, do 18 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito por importe total de 31.885.000.000 de pesetas para atender obrigas derivadas de gastos de investimento do Ministerio de Medio Ambiente. («BOE» 225, do 19-9-1998.)

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Medio Ambiente necesita créditos adicionais ós consignados no seu orzamento, para realizar actuacións e pagamentos que non poden demorarse a exercicios posteriores, correspondentes á Dirección Xeral de Obras Hidráulicas e de Calidade das Augas.

A citada dirección xeral, como consecuencia de contratos de obras e asistencia técnicas en curso de exe-

cución, liquidacións e revisións de prezos, expropiacións e outras incidencias que xerarán obrigas no exercicio en vigor, necesita unha dotación adicional de 15.570.000.000 de pesetas.

O artigo 63 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, segundo a redacción dada pola Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria, dispón que con cargo ós créditos de cada orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral, que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Por iso, se as obrigas derivadas da actuación da Dirección Xeral de Obras Hidráulicas e de Calidade das Augas se van xerar no exercicio 1998, deben recibirla oportuna cobertura crediticia de forma urxente e inaprazable, pois en caso contrario non poderían ser atendidas, ocasionando o correspondente prexuízo para os